



A Asociación de Empresarios e Comerciantes OVALMI con domicilio social en Praza Rosalía de Castro, local, 3 36350 Nigrán Pontevedra, con CIF: G-36.772.903 organiza a presente Campaña de Nadal. Esta campaña repártese entre os establecementos asociados á Asociación de Empresarios e Comerciantes OVALMI.

Comeza o 14 de novembro e finaliza o 21 de decembro do 2024.

Só poderán participar persoas maiores de idade. 50.000 rifas con dous números cada unha.

Está prohibida a súa venda, pois os boletos son gratuítos.

**Estes vales utilizaranse exclusivamente nos establecementos que participan nesta campaña.**

O posuidor do boleto premiado poderá renunciar ao premio, se así o desexa.

Non poderá ser trocado polo seu valor en metálico, nin por ningún outro premio equivalente.

En caso de renuncia **non** cabe compensación económica algunha.

**SORTEO:** Os premios coincidirán cos números correspondentes aos premios da Lotería Nacional de Nadal que se celebra o 22 de decembro de 2024, **resultando da seguinte forma:**

- posuidor do boleto cuxo número coincida co primeiro premio da Lotería Nacional de Nadal corresponderalle 1 vale de 300€ para gastar en calquera establecemento participante nesta campaña.
- O posuidor do boleto cuxo número coincida co segundo premio da Lotería Nacional de Nadal corresponderalle 1 vale de 150€ para gastar en calquera establecemento participante nesta campaña.
- O posuidor do boleto cuxo número coincida co terceiro premio da Lotería Nacional de Nadal corresponderalle 1 vale de 100€ para gastar en calquera establecemento participante nesta campaña.
- O posuidor do boleto cuxo número coincida cun cuarto premio da Lotería Nacional de Nadal corresponderalle 1 vale de 50€.

**GAÑADORES:** Exposición pública no taboleiro de anuncios en OVALMI.

O posuidor do boleto premiado terá **un prazo de trinta días naturais** a partir da data do sorteo da Lotería Nacional de Nadal que se celebra o 22 de decembro do 2024, para comunicar á organización a aceptación do premio, do contrario, o premio quedará deserto, sendo a data límite para reclamar calquer boleto premiado o 23 de xaneiro de 2025, ata as 14:00 h.

É obrigatorio presentar o boleto orixinal, non sendo válida a presentación de fotocopia, nin calquera outro documento ou acto a demostrar a posesión do mesmo. Así mesmo, non serán validos os boletos rotos, emendados, incompletos ou defectuosos a decisión imparcial e obrigatoria da organización.

O posuidor do boleto premiado deberá dirixirse para aceptar o premio á OVALMI, Praza Rosalía de Castro, local 3 - 36350 Nigrán, teléfono de contacto: **986 36 67 30**.

A entrega dos premios realizarase na sede de OVALMI o 24 de xaneiro de 2025 e terá **un prazo de 2 meses a partir da entrega do premio para gastalos cartos nos establecementos que participan nesta campaña**, prazo que rematará o 24 de marzo de 2025.



A Asociación proporcionará un listado das empresas participantes aos gañadores.

A aceptación do premio supón dar consentimento para que o seu nome e / ou imaxe se publiquen en calquera dos medios de comunicación (prensa, páxina web, facebook, etc.) que a Asociación OVALMI considere oportuno.

O feito de participar nesta promoción supón a aceptación integra das súas bases.

**DATOS DO PARTICIPANTE:** Participar na presente campaña autoriza a incluír os datos persoais dos participantes nunha Base de Datos propiedade de OVALMI, para a xestión da promoción.

Independentemente do anterior mencionado, os interesados poderán en calquera momento, exercitar os dereitos de acceso, rectificación, oposición e, se é o caso, cancelación prevista en L.O.15/1999, do 13 de decembro, de Protección de Datos de carácter persoal, así como no Real Decreto 1.720/2007, do 21 de decembro, polo que se aproba o regulamento de desenvolvemento da devandita lei, mediante comunicación escrita, cos seus datos, dirixidos a ASOCIACION DE EMPRESARIOS E COMERCIANTES OVALMI con domicilio en Praza Rosalía de Castro 3 baixo Nigrán.